

Aloxamento

RETEGAL ofrece aos operadores de telecomunicacións, en calidade de operador neutro, o servizo de aluguer das súas infraestruturas. Máis de 270 centros de telecomunicacións en Galicia, deseñados e dotados de medios para ofrecer servizos de gran calidade, dispoñibilidade e estabilidade de rede (climatización, grupos electrógenos, sistemas de detección de alarmas, etc.).

Este servizo obedece ao obxectivo de facilitar o despregamento dos servizos de telecomunicacións (televisión e radio, voz e datos,...) no territorio da Comunidade Autónoma, a custos razoables, e minimizando o impacto ambiental ao evitar a necesidade de duplicar infraestruturas.

Contáctanos se precisas algún servizo de aloxamento en TORRE ou CPD, para a análise das túas necesidades e poder ofrecerche o mellor servizo.

URL fonte: <https://www.retegal.gal/gl/servizos/aloxamento>